

en calidade de Administradora de **Nós Oposicións SL**,

EXPOÑO QUE:

No momento presente estamos a preparar nos distintos centros Nós de Galicia, os procesos selectivos para o acceso ao corpo de Mestres, Secundaria e Formación Profesional, que se a situación sanitaria así o permite, celebraranse ao longo dos meses de xuño e xullo de 2021.

De acordo co regulado na *Orde do 30 de xullo de 2020...*, as oposicións convocadas pola *Orde do 24 de febreiro de 2020...* quedaron adiadas ao ano 2021, co compromiso por parte desa Consellería de que ían realizarse conforme ao previsto na citada *Orde do 24 de febreiro de 2020*.

Nesa citada Orde do 24 de febreiro, unha das rúbricas reiteradas é “*adecuación á normativa en vigor*”, “*as referencias á normativa...*”, “*referencia á normativa actualizada*”, “*fundamentación normativa*”, etc.

No caso concreto dos aspirantes de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, o seu plan de apoio para o alumnado con neae deberá conter, como mínimo, seis programas de intervención e *basearse na normativa vixente...*”.

Xurde así a dúbida para os formadores en realización coa normativa que vai ser obxecto de consideración polos diversos tribunais das distintas especialidades.

POR ELO SOLITAMOS QUE:

Nos aclaren as seguintes cuestións que consideramos de relevancia para levar a cabo unha formación rigorosa e axustada aos criterios obxectivos polos que se vai levar a cabo a avaliación dos opositores/as neste proceso selectivo:

**DIRIXIDO A.
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS
SUBDIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS HUMANOS**

1. Unicamente será obxecto de consideración e valoración a normativa vixente ata a data de publicación da *Orde do 24 de febreiro de 2020*?

2. Vai ser considerada a actual Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación?

3. Aqueles preceptos da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro que xa estarán en vigor no momento de celebración do concurso-oposición, serán obxecto de consideración e valoración polo tribunal?

Neste sentido, compre ter en conta que, conforme á disposición final 5ª, relativa ao calendario de implantación, a Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro establece que á súa entrada en vigor serán xa de aplicación as seguintes modificacións (todas de especial importancia a efectos de preparación das probas): participación e competencias de Consello escolar, claustro e director, así como a selección do director dos centros públicos.

Por outra banda, hai tamén normas de ámbito autonómico que son comunmente obxecto de consideración polos tribunais (xa como pregunta directa, xa como parte dos casos prácticos) e das que consideramos se require aclaración. Nomeadamente, **ao longo destes últimos procesos varios, tribunais incorporaron nas súas preguntas referencias á orde de calendario.**

4. Dado que a oposición celebrárase conforme ao previsto para o curso 2019/2020, cal vai ser a orde de calendario a considerar?.

Noutra orde de consideracións das que lles solicitamos aclaracións, está todo o relativo á normativa COVID.

5. Vai ser obxecto de consideración toda a normativa conxuntural orixinada pola epidemia do COVID?.

En xeral, a mesma dúbida xurde con calquera outra normativa que vaia ser publicada a partir do mes de xaneiro de 2021 (por exemplo, bibliotecas escolares, aulas dixitais, plans proxecta, contratos programa, ...).

6. Vai polo tanto ser obxecto de consideración toda esta normativa?.

A Coruña, 14 de xaneiro de 2021.

Asdo.: Elia

Administradora Nós Oposicións SL